

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 2 DE XUÑO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de xuño dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de Maio do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- Escrito de O Equipo de Orientadoras/es de Preescolar na Casa de Ourense de data 28.05.08 e nº RE 3275 donde solicita unha axuda económica para facer fronte ós custes das III Xuntanzas de Preescolar na Casa na provincia de Ourense que se van celebrar o día 6 en Alongos, o 10 en Manzaneda, o 13 en Vilaza e o 17 en A Bola no vindeiro mes de xuño.

A Xunta de Goberno Local decide denegar a concesión de axuda posto que se trata dunha subvención que non aparece prevista como nominativa no presuposto, de xeito que o seu outorgamento de modo directo sería contrario a Lei 33/2003 de subvencións.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da “Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales” de data 02.06.08 e nº RE 3349 comunicando por Resolución de data 13 de maio de 2008, a concesión dunha subvención nominativa de 200.000€ para atender os gastos derivados de “Restauración del Castillo de los Sarmiento”.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade aceptar a concesión da citada subvención ditada ó amparo da Resolución de 13 de maio de 2008

2º.- Escrito da Consellería de Traballo, Delegación Provincial Servizo de Promoción do Emprego outorgando unha subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 16 02 322A 460 0 200700667, polo importe de 136438,56€ equivalente aos custos salariais dos

traballadores contratados, maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de 12 traballadores/as desempregados/as para a realización das obras ou servizos para Grupo Municipal de Intervención Rápida.

A Xunta de Goberno Local visto expediente de xeración de créditos nº 5/2008 por importe 136438,56€ acepta a citada subvención.

3º.- Escrito da Consellería de Traballo, Dirección Xeral de Formación e Colocación, concedendo ó Concello de Ribadavia unha subvención ó abeiro do disposto na Orde 24 de marzo de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvención para a realización de actividades de formación, orientación e busca de emprego e captación de ofertas, por un importe de 48.095,83€ para o ano 2008 e 17.110,72€ para o ano 2009.

A Xunta de Goberno Local visto expediente de xeración de créditos nº 4/2008 por importe 48.095,83€ para o ano 2008, acepta a citada subvención.

4º.- Escrito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de data 02.06.08 con nº RE 3351 comunicando que o alumno David Rocha de la Iglesia, participará na viaxe organizada a Italia, que está previsto realizar entre o 25 e o 30 de xuño de 2008. Os Consello Escolares dos Institutos IES O Ribeiro e IES Abrente aprobaron solicitar dos concellos unha axuda económica para a realización desta actividade.

A Xunta de Goberno Local decide denegar a concesión de axuda posto que se trata dunha subvención que non aparece prevista como nominativa no presuposto, de xeito que o seu outorgamento de modo directo sería contrario a Lei 33/2003 de subvencións.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº4/08.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº4 /08, por importe de 48.095,83 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº5 /08, por importe de 136.438,56 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

EXCAVACIONES JORGE GONZALEZ., traballos de construción de muro na Grova, abril 2008, por importe de 6.744,24 euros.

MUNICIPALIDADE DE VILCABAMBA (PERU), aportación para organización de Seminario Internacional en Vilcabamba (Perú) os días 20 ao 25 de xuño de 2008, por importe de 3.450 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

CAMPAMENTO DE VERAN.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación das tarifas para poder tomar parte no Campamento de verán ofertado polo Servicio Municipal de Deportes do Concello de Ribadavia, que se celebrará na localidade de Ribadeo (Lugo), dende o 16 ó 29 de Agosto vindeiro (ámbolos dous inclusive): Non socios do Polideportivo, 170 euros; Socios do Polideportivo, 135 euros; Non residentes, 250 euros; Desconto por mais dun irman, 25% sobre o total. O número de prazas ofertadas é de 35. Idades: Nenos/as de 9 a 14 anos. Prazo para a reserva de praza: ata o 30 de xuño por riguroso orde de entrada. (Dárase un período de 10 días para posibles cancelacións de praza, a partir dese momento o interesado non tera dereito a devolución da cantidade ingresada).

APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza urbán e características especiais correspondente o exercicio de 2008, por importe total de 540.238,53 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2008, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza rústica correspondente o exercicio de 2008, por importe total de 430,34 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2008, ámbolos dous inclusive.”

APROBACION DE PROXECTO.-

APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO " URBANIZACIÓN RÚAS CARLOS CASARES, OTERO PEDRAIO, CELSO EMILIO FERREIRO E MARTÍNEZ VÁZQUEZ”.- A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto técnico da obra "Urbanización Rúas Carlos Casares, Otero Pedraio, Celso Emilio Ferreiro e Martínez Vázquez " do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal , nº 1/66, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento total de contrata de 42.369,07 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a Deputación Provincial a delegación de competencias para a contratación da devandita obra.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO